



NOTA

Os grupos de investigación **HISTAGRA**, **HISPONA** e **HISTAMÉRICA**, do Departamento de historia da Universidade de Santiago de Compostela, presentan o portal <https://www.terraememoria.usc.gal>.

Memoria Oral do Século XX

Agro, as migracións e traballos nun tempo de liberdades, guerras, fascismos e democracia. Unha memoria do pasado da xente común entre Europa e América. Busca nas máis de 2000 entrevistas

Sobre o portal:

A web Terra e Memoria, achega a investigadoras e interesados un Arquivo de fontes orais de máis de 2000 entrevistas. Unha iniciativa dos grupos de investigación HISTAGRA, HistAMÉRICA e HISPONA do Departamento de Historia da USC, para a difusión de fondos orais sobre o pasado contemporáneo. Os fondos orais agora reunidos recollen a memoria do pasado da xente común de Galicia no século XX; un territorio europeo atlántico de intensa e antiga ocupación que desenvolve unha agricultura moi intensiva e drena unha gran corrente migratoria cara América antes de 1950 e cara Europa de spois. Unhas xentes que protagonizaron a mesma historia europea de traballos, tránsitos do rural ao urbano, migracións e retornos, progresos persoais e colectivos, tamén de guerras, fascismos e democracias que caracterizou o século XX. As entrevistas recollen asuntos relacionados con mundo rural, muller, emigración a Europa e América, guerra, posguerra, sindicalismo e política, vítimas do golpe de 1936 e o franquismo.

Sobre a presentación:

Lugar: Sala de profesores da Facultade de Xeografía e Historia

Día: 19 de novembro de 2018

Hora: 11:00 h.

Participantes: Vicerreitor de Profesorado da USC, **Ernesto González Seoane** e os responsables dos Grupos de Investigación: **Lourenzo Fernández Prieto**, catedrático de Historia da USC por **HISTAGRA**, **Emilio F. Grandío Seoane**, doutor en Historia e profesor na USC por **HISPONA** e **Pilar Cagiao Vila**, doutora en historia e profesora da USC por **HISTAMERICA**.

Ligazón:

<https://www.terraememoria.usc.gal/>

Máis información: Dep. de Historia. Fac. Xeografía e Historia. Pr. da universidade, 1. T. 881812734.

Correo-e: histagra@usc.es

